


Coñecemos o Castro

Recomendado para 1º e 2º ciclos de Primaria



1

caderno de campo

Castro de Elviña

Castro de Elviña

CADERNO DE CAMPO 1



coñecemos
o castro

Nome:

Centro Escolar:

Curso:

Data:

O castro de Elviña existe dende hai máis de dous mil anos, xa antes dos romanos.

Os habitantes primeiro fixeron as súas casas na parte máis alta, que se chama croa.


Despois, na época dos romanos, foron habitando as zonas máis baixas.

O Castro ten varias murallas e moitas construcións das que destaca o pozo.

Os arqueólogos fan escavacións para ir descubrindo como era nos distintos momentos en que foi habitado.

Localización do Castro

Na foto está sinalado o Castro. Sitúo e sinalo o Castro no mapa e poño as referencias que coñezo (por exemplo o colexio, o meu barrio, a Torre de Hércules, o Castelo de San Antón).




A foto e o mapa do Castro

Aquí vemos unha foto do castro feita dende un avión e vemos tamén un mapa do castro con moitas liñas debuxadas. Canto máis xuntas estean estas liñas quere dicir que o terreo é máis pino e canto máis separadas o terreo é máis chan.



Na foto están debuxadas as murallas e as entradas da parte alta:

- Colorea a zona máis alta do Castro, a croa
- Debuxa no mapa as murallas e as entradas



O pozo-alxibe

Para obter auga, os habitantes do castro fixeron un gran pozo con escaleiras para baixar e coller a auga.


Que tipo de recipiente usarían?



Como construían?

As construcións máis antigas eran redondas e as cubertas eran de palla e outros materiais vexetais. Despois foron facendo outras cadradas con tellados de tellas e de lousa.

Dí que relación ten cada foto cun castro



1.

2.

3.

A que corresponden estas fotos?

Pon os números correspondentes en cada unha:


1. Entrada da muralla 2. Pozo-Alxibe 3. O equipo escavando 4. A "casa do tesouro"



A casa do tesouro

Nunha casa do castro, os arqueólogos encontraron un tesouro que esconderan as persoas que viviron nela. A casa, que a ves na foto, está xunto o pozo-alcibe.

Localiza a casa no mapa





O tesouro

O tesouro está formado por:

- unha diadema-cinto, coñecida como a "diadema do parrulo"(1)
- un colar de 13 contas cun colgante (2)
- unha cinta-gargantilla (3)

Identifica cada unha poñendo o número que corresponda





Como imaxinas que sería o castro e como vivirían os seus habitantes?

Deixa aquí a túa impresión sobre o castro, cun debuxo, unha redacción, un recorte, un plano, etc.



**Museo Arqueológico
e Histórico**
Castelo de San Antón



Concello da Coruña
Concellaría de Cultura